Sanguisorba minor Scop., 1771

- pimpinela menor, herba de espinela, sanguisorba menor, sanguinaria
- pimpinela menor, sanguisorba
- pimpinela, p. txiki
- pimpinella, p. petita, herba de talls, enciam de cavaller
- salad burnet, small burnet
- pimpinela, pimpinela-menor



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Sanguisorba***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea de 20-70 cm de altura. Pode ter base leñosa, sub-rosetada ou ocasionalmente en roseta, erecta, ás veces prostrada ou ascendente. Talos fértiles xeralmente robustos, frondosos e ramificados, con pelos maiormente multicelulares máis ou menos densos, raramente glabros. Follas basais con 9-25 folíolos suborbiculares, ovados ou elípticos, cuneados, redondeados ou cordados na base; con pelos multicelulares e/ou unicelulares, dispersos por ámbolos lados, raramente glabros. Flores femininas no ápice do glomérulo e hermafroditas na base. Sépalos de 3,7-6,1 × 2,3-3,2 mm, verdosos. Estames, nas flores hermafroditas, xeralmente numerosos. Froito en 2-3 aquenios, ás veces algúns sen o óvulo desenvolvido.

HÁBITAT

Claros de bosques e matogueiras, solos alterados, gabias, terrapléns, prados, pasteiros e zonas húmidas, beiras de regatos, campos abandonados e zonas areosas. Dende o nivel do mar ata 2100 m.

DISTRIBUCIÓN

Gran parte de Europa, Asia central, norte de Iraq e Irán, Afganistán, Paquistán, Asia Menor e montañas do noroeste de África.

CURIOSIDADES

Tanto a raíz como os talos e as follas, que son ricos en taninos, azucres e compostos nitroxenados e sulfurosos, empregáronse en forma de tinturas, decocción ou xaropes para tratar a hematuria, as hemorroides e a diarrea.